

## Agasallar palabras

**Discurso pronunciado por Xavier Senín o día 7 de xuño de 2014 na illa de San Simón con motivo da entrega da XXXIª edición dos Premios Xerais**

«Ó redor do Nautilus, nun radio de media milla, as augas aparecían impregnadas de luz eléctrica. O fondo areoso era neto e claro. Os homes da tripulación, vestidos con escafandros, ocupábanse en baleirar toneis medio podrecidos, caixas desfondadas no medio de restos aínda ennegrecidos. Daquelas caixas, daqueles toneis, escapaban lingotes de ouro e de prata, cascadas de piastras e xoias. A area estaba tapizada con elas. Despois, cargados con aquel precioso botín, os homes retornaban ó Nautilus, deixaban nel os seus fardos e volvían retomar aquela inesgotable pesca de prata e ouro.

Comprendín. Aquí fora o escenario da batalla do 22 de outubro de 1702. Aquí mesmo afundiran os galeóns cargados por conta do goberno español. Aquí viña o capitán segundo as súas necesidades, abastecerse dos millóns cos que lastraba o seu Nautilus... El era o herdeiro directo e único daqueles tesouros roubados ós incas e ós vencidos de Hernán Cortés!»<sup>1</sup>

Estas son as palabras coas que nos agasalla Jules Verne en referencia a este lugar no que nos atopamos esta tarde no seu libro *Vinte mil leguas baixo os mares*. A estas augas, pois, recorría o capitán Nemo para financiar as súas expedicións. É ese personaxe que todos podemos ver fronte á ponte que une as illas de san Simón e santo Antón coa praia de Cesantes ás súas costas, acompañado dos dous buxos encargados da apaña e que unicamente podemos contemplar co devalo do mar.

O 1 de xuño de 1878 Verne recalaba na cidade de Vigo, obrigado por unha forte tempestade, cando ía camiño de Lisboa no seu iate *Saint Michel III*. O seu libro, aparecido en 1869, acadara unha ampla difusión, polo que chegara a ser un persoeiro moi coñecido. Nos catro días que durou a súa estada asistiu ás Festas da Reconquista, á Procesión do Cristo, visitou a Colexiata, a Alameda e asistiu a algún acontecemento social onde foi cumprimentado. O día 2 visitou a enseada de San Simón, «un verdadeiro fiorde», segundo di, coa intención de recoñecer o escenario que imaxinara a través das súas lecturas sobre a Batalla de Rande.

O 19 de maio de 1884 Verne fai unha segunda visita, así mesmo obrigada, neste caso por mor dunha avaría na caldeira do seu barco. Tamén desta vez foi recibido con todos os honores que unha personalidade importante merece. Visita a praza da Constitución e sobe ao Castro, do que

---

<sup>1</sup> Jules Verne, *Vinte mil leguas baixo os mares*, tradución de Mercedes Pacheco Vázquez e Llerena Perozo Porteiro, Vigo: Ir Indo Edicións, 2003.

escribe: «Vista admirable. A baía e os vales». Verne soubo informarse dos acontecementos históricos que deron lugar á Batalla de Rande e de todos os intentos de rescate dos tesouros que o mar segue a custodiar máis de tres séculos despois, nun xacemento arqueolóxico que segue a ser un dos máis importantes do mundo.

Carlos Casares escribiu hai anos sobre o especial vínculo de Verne con Vigo e lembrou a presenza do capitán Nemo nestas augas. Foi idea súa que se aproveitase a escultura de Manolo Paz nesta illa cunha ventá aberta á boca da ría para colocar unha placa na que se recorda o escritor e mais o libro.

Foi Xosé Luís Méndez Ferrín o que propuxo que se lle dese o nome de Jules Verne á ponte que une as dúas beiras do estreito e que contemplamos nada máis saír deste edificio.

Coma estas, outras propostas foron recollidas polo director desta editorial no blog *Brétemas*: organizar un itinerario dedicado ao escritor francés, popularizar a súa obra e reclamar para Vigo o status de cidade verniana.

Estaba moi lonxe de pensar o xenio de Nantes que esta illa que sufriu tan dramáticos avatares ao longo da súa historia acabase identificándose cos libros; o seu espírito anticipador do futuro non puido prever que hoxe se nos entregaría unha novela súa: *A illa misteriosa*, traducida por Ánxela Gracián, Premio Plácido Castro, e que desde hai un tempo se pode ler na Biblioteca Virtual Galega.

Decorreron dez anos des que a illa dos leprosos, a illa do cárcere, a illa da memoria, San Simón, está unida á literatura da man de Xerais. O primeiro acto que se celebrou na sala que nos reúne, cando non había máis ca tres edificios rehabilitados, foi o congreso «O mar das cantigas», dedicado aos trovadores da ría de Vigo, Mendiño, Martín Codax e Xohán de Cangas, lembrados na escultura de Manuel Ferreiro Badía. No cimo, entre as cabezas dos tres, depositouse un coio de cada río de Galicia recollido polo escultor.

O meu vencello persoal con esta illa remóntase a hai trinta e catro anos, cando a visitei coa miña filla maior no colo, logo de navegar ata aquí nunha chalana guiada por un mariñeiro de Cesantes. Tras a súa rehabilitación, tempo despois, pasei neste lugar horas de traballo, mesmo de medo, como un día que se nos botou a néboa enriba e custou ferro e fariña chegar ao embarcadoiro. Aínda tardou aquela borraxeira en levantar,

así que comprendemos ao xeito a repetida queixa da namorada que fica abandonada no mar maior. Entenderase perfectamente, xa que logo, que estea moi agradecido a Xerais por me manter unido a este lugar máxico.

Máis de cen anos despois da súa morte, Verne segue a ser lido pola rapazada e os adultos de hoxe porque a súa obra literaria, solidamente construída, soportou o paso do tempo. As novelas do escritor francés entraron a formar parte dese paraíso de palabras que comparte a humanidade enteira e ao que podemos acceder na lingua de noso, pois tamén nela están as palabras que o autor escribiu.

Son moitos os especialistas que falan sobre a lectura, de xeito que un ten a impresión de que xa está todo dito e tan contundentemente expresado que resulta difícil ser orixinal; é evidente que non vou selo nin vou dicir nada que non oídes antes.

A partir dunha frase de Álvaro Cunqueiro –*O home precisa en primeiro lugar, como quen bebe auga, beber soños*–, Agustín Fernández Paz explica: «Beber soños coma quen bebe auga. Non encontro mellor maneira de expresar a necesidade e o pracer que explican a lectura». Concordo con ambos os dous en que a lectura é moitas cousas, pero sobre todo é un pracer e unha necesidade. As persoas que lemos, coñecemos o gozo de habitar o mundo que outros crearon para nós. Ese mundo da realidade ou da fantasía que para quen gusta do que está a ler se converte no paraíso que construíron esas poderosas feiticeiras, eses debuxantes de soños que son as escritoras e os escritores. Porque o mundo foi contado, creado milleiros de veces e volverá selo moitos milleiros máis para nós, os lectores, que con inesgotable degoiro non cansamos de desexar que nolo volvan recrear.

Pierre Ménard acaba de publicar *20 boas razóns para deixar de ler*<sup>2</sup>, un libro magnífico no que pretende chamar a atención sobre a importancia da lectura utilizando a ironía. Velaí algunhas das súas razóns para deixar de ler: ler custa moi caro, é inútil, resulta mortalmente aburrido, é un privilexio das elites ociosas, destrúe o medio natural, estraga a vista, é malo para as mulleres... E neste último caso recolle unha cita de Balzac: «Deixarlle liberdade a unha muller para ler libros que a natureza do seu espírito a leva a escoller...! Iso é introducir unha chispa nunha polvoreira; aínda peor ca iso, é aprenderlle á súa muller a pasar de vostede, a vivir nun mundo imaxinario, nun paraíso». Un sorrí ao ler estas palabras nun país coma o noso, onde hai máis lectoras ca lectores. Despois de todo o que

---

<sup>2</sup> *20 bonnes raisons pour arrêter de lire*, París: Le Cherche midi, 2014.

acabades de escoitar teño que advertir con Katherine Pascol que «A lectura non é unha actividade inocente, é perigosa e non sempre se sae indemne dela»<sup>3</sup>. A palabra segue a ser unha das armas máis poderosas.

Calquera de nós podemos contar a nosa propia experiencia lectora, que case sempre será gozosa. Quen non lembra algún dos libros dos seus primeiros anos de vida nos que experimentou por primeira vez a sensación de que as palabras se apoderan de ti e te arrebatan a un territorio e a un tempo aos que a túa imaxinación nunca daría chegado polos seus propios medios?

Explicao así Juan Farias: «Se un día estás enfermo, se pillaches a gripe, se chove a cachón, se por algunha razón non te deixan ou non podes saír da casa, marcha sen irte, rompe a pechadura cun libro e vaite. Eu fíxeno máis dunha vez e por iso coñezo sitios e cousas que doutro xeito non chegaría a coñecer xamais»<sup>4</sup>.

Cada persoa que le faino dunha maneira individual e distinta da dos demais. «Sinto que detrás de cada libro hai unha persoa que me fala», di Montag, o protagonista de *Fahrenheit 451*. Por iso cada vez que un descobre un libro, descobre un autor, unha autora que se dirixen a nós. Hai tantas razóns para ler como lectores e lectoras distintos. Case toda a xente que le, prefire a intimidade e a comodidade dunha cadeira de brazos ou do leito. En todo caso, mesmo cando o lector se atopa nun espazo público, semella coma se estivese introducido dunha campá de cristal que o separa do mundo circundante. Tanto ten que estea no vagón dun tren, na praia, nun xardín ou na terraza dun bar... Parece coma se o lector quixese rodearse de soidade e non admitise ningunha outra presenza, coma se o pracer da lectura non admitise terceiros. É imprescindible que os demais estean ausentes, que o mundo que nos rodea deixe de existir para entrar no do autor. Como di Xabier Docampo: «É coma se estivésemos dentro do libro e mentres estamos aí dentro, nesa placenta o tempo non corre».

Coller un libro é encerrarse nun mundo imaxinario, gobernado pola man de quen escribe, que ás veces se impón sobre a verdadeira vida. Precisamente por iso podemos pasar medo a plena luz do día, sentir soidade nunha praia ateigada de xente, entender que a protagonista dunha historia estea atarecada de frío e experimentar nós mesmos esa friaxe. Un libro permítenos vivir a primavera ben arroupado polas mantas en pleno mes de xaneiro e cheirar o aroma das flores e catar o gusto das cereixas de san Xoán no medio e medio do inverno.

---

<sup>3</sup> *Un homme à distance*, París: Éditions Albin Michel, 2002.

<sup>4</sup> *Ronda de suspiros*, Madrid: Ediciones SM, 1994.

Pero unha vez rematado o libro hai quen sente pracer de compartir. Quen gozou cun libro non adoita gardar para si o que descubriu, normalmente quere compartir cos demais os paraísos descubertos e, tratándose de alguén de confianza, mesmo pode chegar a emprestar un libro, aínda que hai quen prefire comprar un novo e agasallalo para non ter que pasar polo desgusto de que non llo devolvan.

Xa logo vai facer trinta anos, viaxaban a Santiago don Paco del Riego e Carlos Casares, entre outras persoas. Don Paco sentaba a carón do condutor. Carlos, no asento traseiro, lía algo para si, mentres os outros pasaxeiros do coche se decataban de que sorría e de que se divertía moito, pero de vez en cando sentía a necesidade de compartir cos demais o seu gozo e léalles un anaco acompañando a lectura de exclamacións laudatorias: «Que ocorrentel!», «Magnífico!». Don Paco concordaba co que Carlos lles ía descubriendo e, como coñecía ben o libro porque acababa de lelo, indicoulle outro capítulo que a el lle gustara especialmente, e así foi como Carlos acabou por ler enteiro «De cando o señor Lamote deu cunha señora sentada na escaleira». Pero o que realmente lles pareceu magnífico foi o invento dos marmolubios e así foron ambos os dous de Vigo a Santiago gozando daquel libro que, como todo o mundo xa sabe é *Das cousas de Ramón Lamote*.

Ás veces, os libros necesitan a axuda doutras persoas para acabar nas mans dos seus verdadeiros lectores. Primeiro de todo a familia, nosos pais e avós, logo as amizades e, sempre, as persoas que exercen funcións de mediación: as bibliotecarias, os libeiros, a crítica... Calquera de nós podería contar as propias experiencias cos primeiros libros en familia e logo coas amizades. Di Juan Farias: «Meu pai, entre outras moitas cousas, aprendeume a ler. Non o fixo de forma disciplinada, nin rigorosa, senón xogando. Non me explicou que era importante senón que me demostrou que era divertido». No meu caso, o primeiro que lembro é *El príncipe y el mendigo* de Mark Twain que me axudaba a ler miña avoa e cuxa edición, moi estragada despois de case sesenta anos, aínda conservo. Tampouco a min me falon de disciplinas nin deberes. Ao primeiro, cada vez que aprendía unha letra nova, recibía unha larpeirada calquera ata que na casa se decataron de que a mellor lambonada era un libro, daquela case sempre un *tebeo*.

Cando xa nos facemos autónomos, recorreremos máis á axuda da crítica á hora de buscar lectura, e dese xeito o crítico exercería a función de esclarecedor, iluminador ou tamén iso que os franceses chaman *passieur*, (para nós sería un barqueiro), alguén que lles ofrece a outros lectores os seus propios descubrimentos. Desde un xornal, unha revista e agora sobre

todo desde os blogs e revistas electrónicas, cóntannos a súa experiencia lectora e apréndennos a ser máis atentos, máis aguzosos, máis intelixentes, nunha palabra, a aproveitar mellor o que lemos.

A casa dos libros é a biblioteca, que acolle, integra, innova, aprende, descobre, e todo iso faino por medio de persoas que coñecen e aman os libros, como os promotores de lectura. Algúns gobernantes consideran que os centros bibliotecarios forman parte daqueles servizos que é preciso recortar, e non se decatan de que a biblioteca é a gran niveladora social polo seu carácter gratuíto e universal, que forma parte da súa esencia tanto como o saber que atesoura. A biblioteca, destinada a cambiar as mentalidades e capaz de mobilizar forzas nos individuos, estase a erixir no refuxio da sociedade.

Tamén os libeiros e as libreiras exercen a función de aconsellar e de guiar. Unha persoa profesional le, conta as súas experiencias lectoras, ten a antena posta para recoller a opinión dos que xa leron, está ao día das críticas e, sobre todo, coñece os gustos dos clientes e por iso está nas mellores condicións para dar consello, porque existe todo un universo de palabras por explorar, por descubrir.

Á persoa lectora nótaselle que o é. Velaí un caso. Entrou nunha librería de vello. Gustáballe remexer entre toda aquela morea de libros, case sempre en desorde, quería explorar pola súa conta. Non ía de caso pensado, pero non perdía a esperanza de atopar algo que lle interesase, nunca se sabe. Saudou o libreiro que asomou por riba dunha pía de libros que cubrían a mesa na que sentaba a carón da porta e que só deixaban a descuberto os ollos, uns ollos vivos que a mediron de arriba abaixo por riba das lentes. O home preguntoulle se buscaba algo en especial e ela contestoulle que non, só quería botarlle unha ollada co seu permiso. Comezou a repasar os andeis ao chou. Coma se fixese un varrido cunha cámara, viu moreas de títulos e autores ata que descubriu nun andel algúns libros que lle poderían interesar. Detívose alí con moito vagar: collíaos, deixábaos e remirábaos. Ía coa esperanza de que asomase algún merlo branco. De súpeto atopouno: *O cancionero de Paio Gómez Chariño, almirante e poeta*. Así coma quen, seguiu a mirar máis, pero non daba freado o corazón que lle andaba a choutos. Colleu dous ou tres máis e procurou que fosen de escritores moi demandados e de moita sona, e amosoullos todos xuntos ao libreiro. Este botoulles unha ollada demorada, pero sen abrilos, coma se lle custase traballo separarse deles. Logo, amosando os libros un a un sen deixar de fitar aquela moza sempre por riba das lentes, foilles poñendo prezo. Tivo que verlle o degoiro nos ollos, pois non se explica que aquel home adiviñase cal era precisamente o único libro

que desexaba. Puxéralle un prezo catro veces máis ca a todos os outros xuntos.

Aseguraba Marcel Proust que a verdadeira vida está nos libros. Se cadra esaxeraba ao dicir isto, pero nos libros encérrase unha vida magnífica, tan variada e tan rica que nos leva a rexións insospeitadas. Un libro pode ser un museo do universo, e seguramente o universo mesmo. Pero desde logo un libro é un agasallo que lle fai quen o crea a quen o le, un agasallo de palabras.

Ler permítenos gozar desta magnífica «Carta do camiño que a ti me leva», onde se di:

A ti vou para en ti me refuxiar e ficar en ti. E cando arribe a ti, mentres debullo para todos os nosos as lembranzas dos camiños andados, gardarei para min, para min só, para ninguén máis, o camiño do teu corpo aberto e morno, cunha lentura que me alimenta e me absorbe... E ti ris para min no medio da noite que soño sen durmir.

Gardo esta carta, non lla vou dar a ninguén para que cha entregue antes da miña chegada. Quero poñela cun beixo na man que acaricio<sup>5</sup>.

Tamén nun libro podemos ler estas palabras envoltas en cancións:

E pouco a pouco, coa música como única amiga, foi escribindo unha canción, a máis fermosa canción que ninguén escribira nunca. Unha canción que comezaba *amareite esta noite, meu amor...*<sup>6</sup>

Velaquí como se contan as horas de amor, un dos temas universais da literatura xunto coa vida e a morte:

O mundo, en homenaxe aos esponsais do mar e a terra, rompeu os seus ritmos e as horas, convertidas en bágoas, en perlas, en doas de escuma, detíñanse sobre uns seres transidos de luz e dor. E foron nacendo doces e lentas, sen saber eles cantas, e esvaían, lentas e doces, aquelas horas de amor. Cada bico acendía o corpo enteiro, ficaba pendurado no aire e revolvíase en recordo, ai, amor, en recordo proxectado cara á eternidade<sup>7</sup>.

Ler tamén non só é lembrar a experiencia allea contada por unha escritora neste caso, senón a nosa, a da nosa infancia que se fai presente nestas palabras:

Unha bátega escura borrou as cores do ceo e descargou sobre nós a auga do universo enteiro. Miña nai, que nunca me permitira xogar á choiva e que mesmo

---

<sup>5</sup> Xabier P. Docampo e Xosé Cobas, *Libro das viaxes imaxinarias*, Vigo: Xerais, 2008.

<sup>6</sup> Antonio García Teijeiro, *Palabras envoltas en cancións*, Vigo: Galaxia, 2000.

<sup>7</sup> María Victoria Moreno, *Guedellas de seda e liño*, Vigo: Galaxia, 1999.

se poñía histórica se tal cousa acontecía, continuaba atenta ao xogo, mantendo a ollada fixa no chan. Aquel pracer das pozas estaba agora ao meu alcance e puíden enchoupar gozoso as miñas botas ata sentir cantar a auga no seu interior<sup>8</sup>.

Velaquí unha despedida triste coa morriña dos tempos felices que pasaron e que se esvaen nesa estraña lucidez:

Contemplo o meu amo, que permanece inmóbil como una estatua, coa ollada posta no rectángulo de luz. Como lle vexo mover os labios, sei que está pronunciando as súas palabras derradeiras, quizais algúns daqueles versos que tanto lle gustaban e que me lía ás veces: “Grazas quero dar / polos días que compartes comigo, / pola caricia e polo beixo”. E observo como algo semellante a unha bágoa esvara a cámara lenta pola pel do seu rostro, acentuando así a expresión de infinita tristeza que desprende<sup>9</sup>

Embarcados nos libros podemos ser protagonistas dunha viaxe a tres países encantados ou á aldea das catro primaveras, e durante ese tempo podémonos divertir nun circo de nubes. Pero para quen que prefira unha viaxe de aventuras, temos a posibilidade de escoller unha expedición ao Pacífico ou recordar o mito de Medusa a través do que lles pasou a Sofía e a Lupe. Tamén aprenderemos como se fan rimas con letra e descubriremos os bichos con gasosa. E así centos, miles de historias que se nos ofrecen a todos e todas, moitas co engadido do traballo creador de ilustradores como Xan López Domínguez, Xosé Cobas e Manolo Uhía, que nos agasallan con imaxes que completan, interpretan e recrean o que está en letra impresa.

Para eles e elas, estas palabras dunha persoa de noso que se refire á súa función de escritor: «Se o que me le goza, ben está; se lle gusta o que escribo, iso é o que me debe; e se non lle gusta, que siga buscando outros rumbos, que hai para todos os gustos»<sup>10</sup>.

Todos e todas estamos feitos dunha forma parecida de soños. Un soño nun mundo mellor, máis igualitario, como os que alimentou a vida dunha persoa que viviu nesta illa contra a súa vontade e que tiven a honra de coñecer. Vaia o meu recordo para Manolo Barros, «un home que quería cultura e educación para todos e que loitou para que todos tivéssemos un espazo neste país».

Considérome un afortunado polo feito de que moitos escritores e escritoras me acompañen ao longo da miña vida. Algúns amigos e amigas, sementadores de soños, están presentes neste discurso. Desgraciadamente dous deles xa non están canda nós, pero todos e todas teñen un

---

<sup>8</sup> Fina Casalderrey, *A Pomba e o Degolado*, Vigo: Xerais, 2007.

<sup>9</sup> Agustín Fernández Paz, *O único que queda é o amor*, Vigo: Xerais, 2007.

<sup>10</sup> Juan Farias, *Ronda de suspiros*, Madrid: SM, 1994.



denominador común, tiveron e teñen a xenerosidade de escribir para mozos e mozas, porque cando un escribe poñendo a mente nestas persoas que se están a formar, está obrigado a recuperar a esperanza. Uns e outras agasalláronme con palabras, palabras coas que podemos vencer o tempo e o espazo.